



19.^a CONVOCATORIA DE PREMIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ESTUDANTADO GAÑADOR DE OLIMPIADAS CIENTÍFICAS

CURSO 2025-26

A Universidade da Coruña (UDC), co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medio de promoción do coñecemento, así como incentivar a calidade na formación do estudiantado que accede por primeira vez aos estudos universitarios, publica a 19.^a convocatoria de premios para o estudiantado gañador de olimpíadas científicas.

1. Obxecto dos premios

O obxecto desta convocatoria consiste en recoñecer o labor realizado polo estudiantado nas diversas fases das Olimpíadas Científicas das áreas de bioloxía, economía, física, informática, matemáticas, química ou xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional, e premiar os resultados das persoas clasificadas en primeiro, segundo e terceiro lugar.

2. Requisitos

Poderá solicitar este premio da UDC o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Matricularse por primeira vez no curso académico 2025-26 en calquera das titulacións oficiais de grao ou programa de simultaneidade de graos, impartidas nos centros propios da UDC, e manter a matrícula durante todo o curso.
- b) Finalizar os estudos de bacharelato no curso 2024-25.
- c) Clasificarse, ao longo do curso 2024-25, no primeiro, segundo ou terceiro posto das Olimpíadas Científicas de bioloxía, economía, física, informática, matemáticas, química ou xeoloxía nas fases local, autonómica ou nacional.
- d) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para obter os premios previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Todos os requisitos relacionados neste artigo se deberán posuír o día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

3. Forma, prazo e lugar de presentación de solicitudes

O alumnado interesado deberá realizar a solicitude a través do seguinte [formulario](#).

Nel deberá achegar o/s certificado/s acreditativo/s da condición de primeira, segunda ou terceira persoa clasificada na fase local, autonómica ou nacional dalgunha das olimpíadas científicas anteriormente mencionadas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles que se contarán a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no TEO.



4. Procedemento e criterios de selección das persoas adxudicatarias

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Estudiantes comprobará que as persoas solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria.

A vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade publicará no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO), a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas, estas últimas xunto coa causa que implica a súa exclusión.

As persoas interesadas dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para presentar unha reclamación e/ou achegar a documentación que permita emendar os erros detectados.

Unha vez transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as reclamacións pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, a vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade publicará a resolución definitiva dos premios concedidos no TEO.

A Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno estará composta polas seguintes persoas:

Vicerreitoras:

- Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
- López Villar, Cristina
- Naya Riveiro, M.^a Cristina

Profesorado:

- Busto Lago, José Manuel
- Castro Souto, Laura Milagros
- Romero Gómez, Manuel

Representantes do estudantado:

- Blanco Ameijenda, Francisco Enrique
- Sueiro Méndez, Laura

Representantes do persoal técnico de xestión e de administración e servizos:

- Cantarero Roldán, Alicia
- Rodríguez Vázquez, Laura Luisa

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

O criterio de selección será a clasificación no primeiro, segundo ou terceiro posto dalgunha das Olimpíadas Científicas organizadas no Estado.

5. Número de premios, dotación económica e financiamento

Concederáse un máximo de 18 premios, repartidos da seguinte maneira:

- a) Seis premios de 715 € para cada persoa das primeiras clasificadas, nalgunha das fases das Olimpíadas Científicas referidas nesta convocatoria.
- b) Seis premios de 450 € para cada persoa das segundas clasificadas.
- c) Seis premios de 370 € para cada persoa das terceiras clasificadas.



Estos premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 48002 - Premios gañadores olimpíadas científicas-VEE.

O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

6. Resolución da convocatoria

Os premios concederanse mediante unha resolución da presidenta da Comisión de Extensión Universitaria, a vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade, que se publicará no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC cos efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" - RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal

A solicitude dun premio ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión dos premios. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/o exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.



Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da (<https://sede.udc.gal>) no apartado Outros trámites.
- Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude dirixida á persoa delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os actos sucesivos do procedemento a que alcanza, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinado na Coruña, na data da sinatura dixital.